



### 3. INFORME DO ARQUIVEIRO BIBLIOTECARIO



Fundación Otero Pedrayo

## **Memoria da biblioteca e do arquivo**

**xuño 2018- xuño 2019**

Este ano participamos nas actividades de difusión dos bens existentes na FOP a través da iniciativa “A peza do més” co comentario dun libro da biblioteca, a importante obra *Ulysses* de James Joyce que pertenceu a D. Ramón Otero Pedrayo, quen fixo unha tradución parcial, e que foi incorporada no imaxinario simbólico galeguista como un dos seus obxectos canónicos; feito consagrado a través da escolma realizada polo Consello da Cultura Galega no ano 2016, a través da nómina dos *100 obxectos para contar unha cultura*. A presentación realizouse no Liceo de Ourense o sábado 11 de maio.

Por outra banda, as actividades de control e mantemento dos fondos documentais e bibliográficos da Fundación sigue as liñas de actuación de normalización dos procesos técnicos que se levan desenvolvendo nos últimos anos. Mantemos en consecuencia un discurso idéntico, como se poderá apreciar.

Como actuación de mantemento cotiá continúaase coa resignaturación dos texuelos para garantir a súa visibilidade na biblioteca. Para o control dos fondos fanse catas con certa periodicidade co fin de analizar o seu estado de conservación, e tamén para determinar se as descrición catalográficas existentes son acordes á realidade.

En segundo lugar, continúaase coa política de expurgo de materiais bibliográficos recibidos en doazón. Reiteramos que a nosa biblioteca é de carácter especializado e responde a un obxectivo fundacional que debe orientar todas as nosas políticas. Dito obxectivo é a conservación e difusión dos fondos bibliográficos deixados por legado testamentario por D. Ramón Otero Pedrayo.

En consecuencia com iso as numerosas doazóns de fondos bibliográficos recibidas pola nosa Fundación deben expurgarse para evitar desvirtuar a natureza especializada da nosa biblioteca, devaluando, ao meu enteder, o seu carácter. Se ben hai que exceptuar doazóns de relvo como a dos fondos de Luis Ribaya. Pola contra, a maior parte dos libros e publicacións seriadas que recibimos son doazóns de carácter institucional procedentes de organismos públicos e asociacións de moi varia natureza. Son publicacións que nunha gran porcentaxe non teñen ningún vínculo informativo coa figura de Otero Pedrayo. E este tipo de fondos bibliográficos están recollidos noutras bibliotecas que teñen o cometido da súa custodia por imperativo legal.

Por esta causa, xa en anos anteriores definíronse unhas liñas de actuación que perduran hoxe:

- 1) Aceptaranse todos aqueles materiais que teñan relación directa coa figura de D. Ramón Otero Pedrayo en calquera das súas múltiples facianas vitais: desde a súa

biografía e a dos membros da súa familia, o seu compromiso galegista, a súa actividade profesional, etc.

- 2) Todos aqueles materiais que non se correspondan co exposto no punto 1, serán expurgados, ofertándoos, en primeiro lugar, aos veciños de Amoeiro e aos visitantes da Casa Grande, e, despois, a outras bibliotecas ou institucións sociais e culturais que podan ter interese en recibilas (sen ocasionar custo á nosa fundación).

Por outra banda, seguimos coa organización dos fondos documentais propios do arquivo da Fundación que estaban custodiados polo antigo secretario Manuel Somoza na súa casa e que nos foron entregados pola súa viuva hai certo tempo. Actualmente estase identificando os documentos segundo a orde natural de produción e procedendo á eliminación daquela documentación de apoio informativo (folletos doutras institucións, materiais publicitarios,...) que veu mesturada con eles.

O seguinte paso será o inventariado e clasificación de todos os documentos; algo esencial para poder, nun futuro, reconstruír a nosa propia historia como institución; pero é algo que deberemos afrontar con persoal de apoio que pode ser bolseiro.

Como nos anos anteriores resolvimos algunhas consultas relativas aos fondos da nosa Biblioteca realizadas polos investigadores. Non obstante, cumpre habilitar un catálogo en liña que permita difundir axeitadamente os nosos fondos bibliográficos e documentais.

Respecto á conseración dos fondos documentais e bibliográficos, mantemos un bo estado xeral de conservación, favorecido, como se sinalaba en memorias pasadas, en gran medida, pola actuación preventiva. O control visual dos nosos fondos faise a cotío. E concituanmos coas de control das condicións climáticas, especialmente a humidade relativa, co fin de garantir a súa estabilidade, por medio dos deshumidificadores que funcionan de xeito continuado durante as 24 h do día.

Ourense, 19 de xuño de 2019

Pablo Sánchez Ferro